

AS CRÓNICAS DO VIAXANTE

O CUARTO IMPOSIBLE



rodeira



CARLOS VILA SEXTO

AS **CRÓNICAS** DO
VIAXANTE

.....
O CUARTO IMPOSIBLE

CARLOS VILA SEXTO

rodeira

AS CRÓNICAS DO VIAXANTE

LIBRO 2

rodeira

Título orixinal: Las crónicas del viajante (Libro II). La habitación imposible

© Carlos Vila Sexto, 2019

Publicada de acordo con Meucci Agency, Milán.

© Tradución: Belén Rodríguez Suárez

© Ed. Gal.: Rodeira, 2019

Rúa Rafael Alberti, n.º 11, baixo

15008 A Coruña

www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41

contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte

Editora de Literatura: Elena Valencia

Primeira edición, marzo 2019

ISBN: 978-84-8349-559-9

Depósito legal: B.5525-2019

Impreso en España

Printed in Spain

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 05).

*Para Dani,
que día tras día me aprende que non hai nada imposible.*



PRÓLOGO - 1974



Poucos meses máis tarde, segundos antes de morrer, María recordaría o lume que estralaba na cheminea da cafetaría do Edificio Central. Lembraría a calor das lapas e o olor da madeira ardendo. Pero sobre todo lembraría a sensación de calma, de que nada podía ir mal. Tanto daba que María nunca tivese unha cheminea en ningún dos lugares onde vivira: unha fogueira acesa sempre lle transmitía a sensación de que volvera para a casa.

—No verán, verdade? Xuño ou así, non si? María?

Ela virouse cara ao seu home sen o ver. Tardou un par de segundos en apreciar os ollos que a miraban a través dos cristais grosos das súas lentes.

—María...

—Si? Perdoade.

—Estaba a dicir que iríamos a comezos do verán.

Asentiu. Aínda estando centrada na conversa, non podía deixar de mirar de esguello a cheminea, onda a que un grupo de estudantes tomaba un café, entre risos. Sen entender por

que tiña de súpeto tanta sede, levou a botella de refresco de laranxa aos beizos e bebeu ata a metade. Guillermo continuou falando.

—O meu contrato na librería remata a finais de maio, e María non pode deixar a facultade ata que os alumnos non entreguen os seus traballos.

—Fano a mediados —apuntou ela. Era consciente de que case que non participara na conversa e non quería que a muller pensase que só estaba naquel proxecto por seguir o seu home—. Despois aínda nos leva cerca dun mes corrixilos. Iso se o profesor Cuevas non colle unha baixa coma o curso pasado, pois sempre lle vén o estrés xusto antes das vacacións.

Guillermo deulle un sorbo ao seu café e inclinouse sobre a mesa, apoiando os cónbados nela.

—A idea é pasar na casa dúas semanas. Un mes como moito. Xa falamos co propietario e accedeu a todo. Espero que non se bote para atrás de aquí a xuño, pero semella bastante entusiasmado coa idea. Incluso falaba de nos acompañar.

María viu que a perna dereita do seu home rebotaba lixeiramente no chan de xeito compulsivo. Canto tempo o levaba facendo? Pousoulle a man nela de maneira natural, tentando transmitirlle tranquilidade. Se querían convencer aquela muller, non podían parecer desesperados, aínda que o estivesen de verdade.

—A súa presenza alí sería... ben... sería tan... —Guillermo tomou aire e soltouno—. Axudaríalle moito á nosa investigación.

O matrimonio cravou os ollos na muller, que nese momento fitaba a ampla ventá que daba ao patio interior do Edificio

Central. Unha capa espesa de neve cubría a pedra do chan e disimulaba a silueta do pozo que se levantaba no medio e medio. Apenas falara en todo o tempo que levaban sentados á mesa. Limitárase a asentir tras cada frase da parella, sen tan sequera lle dar un sorbo ao seu café.

Eles pasaran case catro horas conducindo por unhas estradas asfaltadas con placas de xeo e castigadas por unha xistra insistente só para falar con ela, emocionados coa idea de que accedese a velos. Aos dous sorprendéralles a nova de que a muller de quen tanto oíran falar decidira cambiar de vida e empezara a carreira de Xornalismo con case corenta anos.

María puxérase nerviosa nada máis vela. Non tanto polas historias que oíra sobre ela como por aquela mirada ausente, que desprendía un desinterese absoluto por todo ao seu redor, coma se non se atopase alí en realidade. Porén, nalgún momento da charla, María sorprendéaa mirándoa en fite, coa curiosidade propia do científico que mestura dous elementos químicos e agarda ansioso pola reacción.

—Vive alguén alí? O dono, un vixilante... Alguén? —a muller fixo a pregunta sen afastar a vista do pozo. Guillermo e María cruzaron unha rápida mirada, sorprendidos pola súa intervención.

—Non, ninguén. Leva abandonada case que douscentos anos.

Guillermo inclinouse sobre o maletín de coiro pousado xunta os pés do seu asento e, de dentro, sacou varias fotografías en branco e negro que ciscou pola mesa.

—Ata mediados de século, os únicos habitantes da zona eran os lobos, pero os cazadores seica acabaron con eles a por

de trampas e de cepos. Élle unha mágoa: o lobo é o meu animal favorito. Contaba con ver algún de cerca por alí.

María fixouse en que a muller non parecía escoitalo, coa vista fixa nas fotos do exterior da mansión. Desprazou as mans sobre elas con delicadeza, pasando dunha a outra. Abaixou a cabeza lenemente e entornou os ollos. Todas as fotos foran tomadas a moita distancia do edificio, sacado unha na que o fotógrafo se aproximara o suficiente para encadrar a fachada principal. Cando chegou a esta, María viu que a muller cerraba os dedos nun puño, coma se desexase evitar todo contacto co papel das fotografías.

Despois, botoulle a man á cunca de café por primeira vez. Levouna aos beizos pero detívose antes de chegar a rozala. Quedou mirando o interior da cunca un par de segundos.

—Xaora, non cumpriría que vostede estivese na casa o mesmo tempo ca nós —Guillermo tamén percibira as reticencias da muller e decidira rebaixar as súas pretensións, algo que a María lle pareceu acertado—. Uns días, quizais unha semana. Con iso sería dabondo, sempre e cando vostede...

—Non os podó acompañar.

A muller apartou as fotografías coas xemas dos dedos, sen lles dedicar nin medio segundo máis. Guillermo parecía desanimado, pero a reacción de María foi moi diferente. Non foi a negativa a axudarlles, senón a convicción coa que pronunciara aquelas palabras o que fixo que sentise un calafrío a percorrerlle as costas.

—Por que... por que non?

A muller levantou a vista e dedicoulle un sorriso tímido á parella.

—Estou traballando para o Diario de Navarra. Agora a media xornada. No verán será a xornada completa. Non me podo ausentar.

—Podemos pagarlle —apresurouse a dicirlle Guillermo—. Non moito, é certo, pero temos...

—Síntoo. De verdade.

A muller falaba con delicadeza pero con determinación. Porén, Guillermo non estaba disposto a deixarse convencer. Consciente de que o seu home se ía pondo cada vez máis nervioso, María interveu de novo.

—Por favor, fixemos unha viaxe moi longa só para falar con vostede.

—Daquela sinto que perdesen o tempo. Deberían chamar-me antes por teléfono: aforraríalles a molestia.

O seu ton era amable pero apremante, coma se quixese estar noutro lugar e se lle estivese facendo tarde. María e o seu home intercambiaron unha mirada que non ocultaba a súa decepción.

—Non temos a ninguén máis a quen acudir. Vostede é a mellor.

—Esa vida xa non é a miña.

Esta vez soou algo máis contundente. Guillermo, contrariado, empezou a fretar as pernas, botando a cadeira para atrás.

—Vou... vou un momento ao servizo.

Arrastrou a cadeira se cadra con demasiada resolución e púxose de pé. María seguiu coa mirada ata que desapareceu pola porta que daba ao corredor. Cando se virou cara á muller, tiña os ollos cravados nela.

—De canto estás?

María non foi consciente de se abría a boca ou non. Nin sequera o foi de que o corazón lle deixara de latexar durante un par de segundos, atribulado pola sorpresa e a tranquilidade coa que a muller lle fixera a pregunta.

—Como...?

A muller encolleu os ombreiros e arqueou as cellas, coma se o sorprendente non fose a súa pregunta, senón o feito de que María non contase con que lla faría.

—Tres... tres meses —oíuse dicir.

—El non o sabe...

María negou coa cabeza e tragou saliva.

—Vai ser un neno forte —dixo a muller.

—Neno? Como sabe que...?

—Pero debes afastalo do perigo. Non vos acerquedes a esa casa.

O cambio de tema tan repentino sorprendeu a María. Tragou saliva, apesurada non só polas palabras, senón pola profundidade da mirada da muller, que a ollaba con desesperación.

—Por favor —insistiu, tentando suavizar a súa advertencia—. O teu home non me vai escoitar, pero ti si. Facédeo polo voso fillo. Mantédevos lonxe dela.

María baixou a vista e comprobou que a muller lle collera a man entre as súas. E aínda que tentaba quitala de alí, a man non lle facía caso. Ficara paralizada. A porta da cafetaría abriuse de novo e Guillermo chegou ata a mesa, serio, aínda sen dixerir a negativa. Tardara tan pouco que María soubo que non fora ao baño, senón tomar o aire e quizais cismar nalgúnha clave para tentar convencer a muller. Cando empezou a

recoller as fotografías da mesa, María comprendeu que non dera con ningunha.

—Non a amolamos máis.

—Vanse xa?

—Son varias horas de volta a Santander. Gustaríame chegar antes da noite.

—Sinto non poder serlles de axuda.

—Non se preocupe. Agradézolle que nos recibise. E se cambia de opinión...

Guillermo tirou unha tarxeta do peto e deixouna na mesa diante dela. A muller limitouse a mirala, inclinándose un pouco cara a atrás contra o respaldo da cadeira, coma se a tarxeta lle fose saltar ao pescozo en calquera momento.

María suspirou aliviada vendo que as pernas si lle respondían para pórse de pé, e colleu o abrigo. Mirou por última vez a muller e despediuse cun aceno de cabeza que ela contestou. Antes de saír, decatouse de que o café da muller seguía intacto. Nin sequera o probara.

.....



II

Verónica Robledo seguiu sentada co lombo recto e as mans agochadas entre as pernas. Mirou a cunca, chea ata o bordo, pero non de café.

De sangue.

Verónica apartou con delicadeza o prato onde estaba pousada a cunca, afastándoo dela. O camareiro que empezara a recoller o vaso e a cunca da parella que estivera falando con ela, decatouse do xesto e sinalou o café, xentil.

—Retírollo?

Ela levantou a vista e sorriulle agradecida.

—Por favor.

O camareiro recolleu a cunca con naturalidade, sen reparar no líquido denso e avermellado. Verónica mirou en fronte, cara ao patio nevado.

Tardou varios segundos en decatarse de que estaba chorando.